

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 15/02/2021  
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 15/02/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08-feb-2021, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2021/0391**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL o subministro de dous puntos de acceso UBIQUITI UAP-AC-PRO PoE+, por reposición para a Wifi da Escola Municipal de Música, por un importe total de 360,34 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/0392**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ambiser Innovaciones SL para subministro dun micrófono SHURE SH MXC605 para a súa reposición no Salón de Plenos Municipal, por un importe total de 389,14 € (IVE incluído), con cargo á partida 912.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/0393**

Dáse conta de proposta do Departamento de Informática en relación coa necesidade de renovación do servizo de soporte e mantemento dos equipos do sistema de seguridade do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA CONSULTING S.L. un servizo de soporte e mantemento dos equipos do sistema de copias de seguridade (dous servidores físicos Dell PowerEdge R440 con s/n DCSS1h2 e DCVN1H2, dous dispositivos autocargadores PowerrVault TL1000 con n/s 3YL9822 e CXL19822 e un servizo de réplica do equipo EMC DataDomain ) para o ano 2021 por un importe de 7.411,25 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Período de vixencia do mantemento do 01-03-2021 a 28-02-22.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/0394**

Dáse conta da proposta do Departamento de Informática en relación coa necesidade de renovación do servizo de soporte e mantemento do sistema de almacenamento EMC VNX 5200 para o ano 2021-2022.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL, o servizo de soporte e mantemento (Enhanced IPM Service) para o sistema de almacenamento EMC VNX 5200 para o período de 29 de xuño de 2021 a 28 de xuño de 2022 por un importe de 11.955,88 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/0395**

Dáse conta de proposta do Departamento de Informática en relación coa necesidade de renovación do Servizo de soporte e mantemento da electrónica de rede, que inclúe os seguintes switches:

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3339M05B

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M02G

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M003

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M02G

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M03K

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M04C

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL, o servizo de soporte e mantemento da electrónica de rede do Concello formada por seis switches Brocade ICX7450-48 para o período de 20 de febreiro 2021 a 19 de febreiro de 2022 por un importe de 2.774,19 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/0396**

Dáse conta da proposta do Departamento de Informática en relación coa necesidade de renovación do servizo de soporte e mantemento das licenzas de AUTOCAD LT para o ano 2021.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Coordinadora de Sistemas, S.L. un servizo de soporte e mantemento de tres licencias de AUTOCAD LT e o servizo Autodesk suscripcion anual AUTOCAD LT para o período do 29 de abril de 2021 ao 28 de abril de 2022 por un importe de 1.596,60 € incluído o IVE, con cargo á partida 150.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/0456**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por GAL SUR Proyectos y Obras SLU para contratación do servizo por horas de distintos vehículos e maquinaria para o desenvolvemento dos traballos do Servizo de Mellora Rural durante o ano 2021 (10 meses), por un importe estimado de 17.847,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/0457**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas en relación coa necesidade de reposición de estada pregable, por deterioro da existente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por WÜRTH ESPAÑA SA para o subministro de estada preglable de tres módulos, por un importe total de 1.598,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/0458**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Triturados do Saiar SL para subministro de material para reparacións de saneamento e pluviais (zahorra-con transporte) e (area-sen transporte) durante o ano 2021, por un importe aproximado de 6.370,65 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/0459**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Triturados do Saiar SL para subministro de material para reparación e mantemento de beirarrúas durante o exercicio 2021 (zahorra-con transporte) e (area-sen transporte), por un importe aproximado de 4.936,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/0460**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SL para subministro de material para bacheo e reparación de gabias durante o exercicio 2021 (mestura bituminosa en quente e emulsión asfáltica ECR-2), por un importe aproximado de 15.291,98 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/0461**

Vista a proposta do Servizo Municipal Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por AB-Aucatel Inspección y Control SLU para a inspección O.C.A. do Centro de Transformación do Auditorio Municipal, por un importe de 229,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/0462**

Vista a proposta do Servizo Municipal Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por AB-Aucatel Inspección y Control SLU para a inspección O.C.A. de Baixa Tensión do Auditorio do Auditorio Municipal, por un importe de 423,5 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/0468**

Dáse conta de proposta da Área de Comunicación Social, de sinalética para o Concello, sendo necesaria para a posta en marcha dous tipos de subministros. Por unha banda as placas de aceiro que irán nas entradas dos edificios histórico e novo, arredor das portas do elevador e nos descansos das escaleiras, que serán o soporte para os directorios xerais. O outro subministro corresponde ás pezas que compoñen a sinalética en sentido estrito.

A Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación por un importe total de 14.277,58 €, con cargo á partida 920.212, coa seguinte desagregación:

- Adxudicar a FORJAROUSA SL o subministro de soportes de aceiro inox opara entradas, elevadores e descanso das escaleiras, por un importe total de 6.560,62 € (IVE incluído).
- Adxudicar a Visual Graphics Imagen y Publicidad SL a realización de indicadores en metacrilato, rotulación de portas, soportes e paredes das escaleiras en vinilo de corte e instalación, por un importe total de 7.716,96 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/0469**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento

presentado por Saima Seguridad SA para a reparación e calibración en laboratorio oficial, tras reparación, do velocímetro marca Velolaser nº serie 903048, por un importe total de 1.323,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/0477**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> de la O Fernández Gonzalez, solicitando información técnica e detallada sobre a tala de árbores efectuada no parque Doctor Fleming. dáse conta do informe do Departamento de Parques e Xardíns, no que se indica:

"PRIMEIRO: En canto ás árbores que se procedeu á súa tala foron as que a continuación se detallan:

- Unha Coniferophyta ou Coniferae, coñecida comunmente como Conífera.
- Unha Adelfa, tamén coñecida como laureiro de flor.

SEGUNDO. Que, requirida a nosa presenza no Parque Doutor Fleming, e facendo un estudo e avaliación das mesmas observamos:

- En canto á conífera, a posibilidade de recuperación era nula, dado o seu estado de necrosidade nunha parte, e a restante de sequeidade.
- En canto á Adelfa, que son unha especie arbustiva de madeira fráxil, que polo seu entorno no que se encontra e a climatoloxía neste caso, fixo que o seu desenvolvemento fose máis do habitual (entre 3 e 4 metros). Hai que indicar que estas son árbores de alta toxicidade e moi venenosa.

Unha vez examinada esta Adelfa, observamos que unha das ramas da mesma está quebrada.

TERCEIRO. Unha vez examinadas tanto a Conífera como a Adelfa, vendo a situación das mesmas, se adopta a decisión de proceder á súa tala, en base a:

- A Conífera, vendo o seu estado de necrosidade nunha parte e a restante seca, sendo imposible a súa recuperación.
- En canto á Adelfa, o proceder o corte da rama quebrada observase que outras dúas e necesario seguri cortando dado que estaba en situación de seguir quebrándose, polo que se procede á tala total dada a súa perigosidade.

CUARTO: Así mesmo, indicar que aparte das medidas de tala indicadas no punto anterior, unha das decisións máis importantes pola que se toma a decisión e se executa a mesma, e sobre todo a presenza do Colexio e Instituto próximo a este Parque Doutor Fleming, é como non a de todos os viandantes que se achegan a este parque, sendo unha das nosas prioridades a responsabilidade e seguridade do cidadán no disfrute do uso dos Parques de Vilagarcía.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta do informe do Servizo de Parques e Xardíns á Sra. Fernández González.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2021/0446**

Dáse conta do escrito presentado polo CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA de Vilagarcía, CIF G36256045, solicitando lle sexa ingresada a cantidade correspondente á

aportación do Concello, unha vez xustificadas os abonos efectuados aos establecementos, segundo extracto bancario que se acompaña, correspondentes a segunda edición da campaña "Bonos Son da Casa".

Fiscalizada polo Departamento de Intervención a xustificación presentada pola Asociación colaboradora citada, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga, así como realizar a transferencia de fondos correspondente, por importe de 3.635,00 €, con cargo á partida 4311.470, para que por parte da Asociación poidan continuar facendo aboamentos aos establecementos.

#### **PRP2021/0474**

Vista a proposta da Concellería de Emprego e o informe da Orientadora Laboral, a Xunta de Goberno local acorda solicitar subvención, por importe máximo de 25.000 €, á Consellería de Emprego e Igualdade, ó abeiro da Orde do 23 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades orientación laboral no exercicio 2021.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2021/0465**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de 25 de xaneiro de 2021 de aprobación bases e contías dos premios e adxudicacións da compra dos materiais obxecto dos premios do Segundo Concurso de Decoración Sostible de Nadal destinado a familias do Municipio, figurando no mesmo:

....)

Primeiro: Aprobar a modificación das bases e premios do Segundo Concurso de Decoración Sostible do Nadal destinado a familias do Municipio, ampliando o orzamento en 150 €, dando un orzamento total de 750,00 €, con cargo á partida 2314.218100...)

E debendo figurar:

Primeiro: Aprobar a modificación das bases e premios do Segundo Concurso de Decoración Sostible do Nadal destinado a familias do Municipio, ampliando o orzamento en 150 €, dando un orzamento total de 750,00 €, con cargo á partida 2314.48100.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

#### **PRP2021/0445**

A Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2020 acordou aprobar as bases e convocatoria do Certame de tarxetas de Nadal" destinado a nenos e nenas de entre tres e nove anos do municipio, consistente no acceso a unha plataforma que permitirá que o/á participante reciba unha viedochamada personalidzada de Papá Noel ou dos Reis Magos (a elixir), os días previos á celebración dos eventos e aprobar o orzamento por importe de 635,25 € (IVE incluído), e a adxudicación á Empresa PONTEGEST 2016, SL, para a realización das viedochamadas aos/as menores, estimado e adxudicación do agasallo por participación no "Certame de tarxetas de Nadal" destinado a nenos e nenas de entre tres e nove anos do municipio, con cargo á partida 2314.22624 do Orzamento Municipal de 2021.

Debido ao incremento de viedochamadas foi necesaria a modificación na plataforma habilitada a fin de incluír a todos/as os/as participantes.

Por este motivo, a Xunta de Goberno Local acorda ampliar o orzamento a favor da Empresa PONTEGEST 2016 SL , en 358,69 € (IVE incluído), dando un importe total de adxudicación de 993,94 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22624.

## **MULLER E PERSOAS MAIORES**

### **PRP2021/0438**

Vista a proposta da Área de Igualdade-GIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización de actividades de promoción da muller polo 8M Día Internacional da Muller, por un importe total de 823,00 €, con cargo á partida 2312.22615, coa seguinte desagregación:

- Cine Club Adega, pola proxección da película "A Illa das mentiras", o día 10 de marzo no Salón García, por un importe de 400,00 € (IVE exento)

- D. Carlos Crespo Gómez, por dúas sesións DJ (Kris DJ e Señora DJ) a través das redes sociais do Concello os días 6 e 13 de marzo, por un importe total de 423,00 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/0439**

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento para a realización do XIII Maratón Fotográfica pola Igualdade, que terá lugar o sábado 6 de marzo e no que previa inscrición a través de correo electrónico, poderá participar calquera persoa interesada na fotografía. A actividade terá unha duración de 12 horas (de 10:00 ata as 22:00 horas), cun orzamento total de 600,00 €, para premios (3 premios de 200 € cada un), con cargo á partida 2312.48100.

### **PRP2021/0440**

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dunha exposición polo 8M dedicada ao VALOR DOS COIDADOS como unha ferramenta para avanzar cada a igualdade e prevención da violencia de xénero dirixida a toda a cidadanía, entre os días 5 e 31 de marzo na Praza de Galicia e Rúa Alcalde Rey Daviña.

Acórdase así mesmo aprobar o orzamento presentado por Dona M<sup>a</sup> Nieves Ozores Nuñez, por importe de 925,00 € (IVE incluído) pola realización de vinilos para colocar nos mupis do Concello con motivo da exposición.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.”

### **PRP2021/0283**

Vista a proposta da Área das Perosas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Centro Polivalente Ana M<sup>a</sup> Parada para a realización da actividade "Obradoiro de actividades físicas e mobilidade para persoas maiores", dentro do programa "ACTIVATE", cunha duración de 9 meses (de febreiro a xuño e de setembro a decembro) por un importe total de 12.888,00 €, con cargo á partida 2312.22634.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

### PRP2021/0464

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de xaneiro de 2021 de aprobación para posterior sinatura dos contratos coas distintas compañías teatrais dentro da programación do 1º Semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2021, debendo quedar redactado do seguinte xeito:

Vista a proposta da Concellería de Cultura acórdase a aprobación para a posterior sinatura dos contratos coas distintas compañías teatrais dentro da programación do 1º semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2021, con un importe a asumir polo Concello con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

COMPAÑÍA	CIF	ESPECTÁCULO	DÍA	IMPORTE
IBUPROFENO TEATRO SL	B94155389	O MEL NON CADUCA	06-02-2021	2.420,00 €
Mª ESTHER FERNANDEZ CARRODEGUAS (BUTACAZERO)	52934582J	DESPOIS DAS ONDAS	06-03-2021	4.356,00 €
STEPHANIE MAYBELLE LLARYORA (DE STE XEITO PRODUCIÓNS)	X1883405R	FEMINÍSSIMAS	27-03-2021	2.850,00 €
Mª ESTHER FERNANDEZ CARRODEGUAS (BUTACAZERO)	52934582J	DESPOIS DAS ONDAS	17-04-2021	2.904,00 €
FRANCISCO SIEIRA GONZALEZ (FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA)	53480111M	DEMENTE	30-04-2021	6.739,00 €
CULTURACTIVA S.COOP.GALEGA	F15983067	CONEXIÓN PINGÜIN	08-05-2021	2.299.00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o acordo citado de 25 de xaneiro de 2021.

## CONTRATACIÓN

### PRP2021/0334

Dáse conta da proposta de levantamento da suspensión de tramitación do procedemento de licitación de "Asistencia de letrado apra a representnación en Xuízo"(Excepto en materia de Recursos Humanos)

Por Bermor Abogados, S.L. interpúxose recurso contencioso-administrativo contra a resolución do recurso de reposición, presentado con data 25 de outubro de 2019, contra os pregos que rexen a licitación do contrato de servizos de asistencia de letrado para a representación en xuízo (excepto en materia de recursos humanos).

Visto a interposición do recurso contencioso-administrativo, por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 24 de febreiro de 2020, suspendeuse o procedemento de licitación e adjudicación do contrato de "Asistencia de letrado para representación en xuízo (excepto en materia de recursos humanos)".



O xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra, ditou sentenza 236/2020, con data 9 de decembro de 2020, co seguinte fallo: "Desestimo el recurso contencioso-administrativo presentado por el Procurador D. Jesús Martínez Melón, en representación de la entidad Bermor Abogados SL, contra la resolución del Concello de Vilagarcía de Arousa, de 12 de noviembre de 2019, desestimatoria del recurso de reposición contra los pliegos de cláusulas administrativas particulares publicados en la Plataforma de Contratación del Sector Público el 10 de octubre de 2019, Expediente CT 74/19-e, para la contratación del servicio de asistencia letrada para la representación y defensa en juicio (excepto en materia de recursos humanos), del citado Concello. Las costas se imponen a la parte demandante, sin que su cuantía exceda de 500 euros en todos los conceptos".

Mediante diligencia de ordenación de 18 de xaneiro de 2021, declarouse a firmeza da sentenza e a remisión do expediente á Administración demanda.

Vista a firmeza da sentenza e con esta a desaparición do suposto habilitante para suspensión do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- a) Levantar a suspensión do procedemento de licitación e adxudicación do contrato de "Asistencia de letrado para representación en xuízo (excepto en materia de recursos humanos)".
- b) Publíquese o presente acordo no perfil do contratante do concello de Vilagarcía de Arousa, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

#### **PRP2021/0437**

De conformidade coa Liña de Actuación VLG\_A03\_ MOVOS de "Incremento do emprego de enerxías renovables nos edificios públicos municipais", da EDUSI Vilagarcía Avanza tramítase a presente proposta:

Necesidade do Contrato: Dado que as obras para a Rede de Vías ciclistas ( ciclovías) de Vilagarcía de Arousa. Fase II-A comezarán nun breve espazo de tempo, é preciso o nomeamento de director de obra.

Insuficiencia de Medios: O concello de Vilagarcía de Arousa dispón unicamente dun arquitecto, que actualmente se atopa dirixindo 5 obras e redactando outros tanto proxectos técnicos, tendo ademais que informar expedientes urbanísticos e supervisar a revisión do novo Plan Xeral de Ordenación Urbana, o que inclúe numerosas reunións técnicas e desprazamentos, polo que é imposible que nestes momentos poida asumir a dirección de obra dun proxecto da envergadura de "A REDE DE VIAS CICLISTAS ( CICLOVIAS) DE VILAGARCIA DE AROUSA. FASE II - A".

En consecuencia solicitouse orzamento ao redactor do proxecto, Alexandre Mouriño Fernández (AM2 Arquitectos), quen xa posúe un coñecemento exhaustivo do proxecto que se vai a levar a cabo, presentando uns honorarios de 14.950,23 € (IVE/IVE excluído).

En consecuencia a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato de servizos denominado "Dirección de Obra do investimento Rede de Vías ciclistas ( ciclovías) de Vilagarcía de Arousa. Fase II-A" ao arquitecto don Alexandre Mouriño Fernández (AM2 ARQUITECTOS) NIF 36159509- J, por importe de 14.950,23 €, ao que lle corresponde un IVE/IVE (21%) de 3.139,55 € o que totaliza unha oferta (IVE/IVE incluído) de 18.089,78 €, de acordo coa oferta que se adxunta, con cargo á aplicación orzamentaria 1734-6290017 do proxecto 2018/2/ DUSI/3 da VLG\_A03\_ MOVOS .

### **PRP2021/0453**

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Murprotec España, S.L. para obras de impermeabilización do foso do ascensor da Casa de Cultura de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 6.983,10€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/0475**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de xaneiro de 2021 de aprobación do orzamento presentado por D. Javier Segura Roldán, para a redacción de proxecto básico e de execución para a "Intervención e Humanización da parcela do Parque Público o Cavadelo", figurano no mesmo "con cargo á partida 150.690", e debendo figurar "con cargo á partida 150.640".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

### **PRP2021/0476**

Dáse conta da acta de paralización da obra "Reforma Interior do Centro Sociocultural e de Remo de Vilaxoán" en tanto non se resolva o trámite administrativo entre o Concello e o organismo Portos de Galicia, en relación á solicitude de autorización para realizar ditas obras. A formalización de dita acta de paralización realízase a fin de suspender o cómputo do prazo de execución e non perxudicar a programación que a empresa adxudicataria tiña prevista.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2021/0443**

Visto o expediente de gasto INT/2021/73 integrado pola relación de xustificantes F/2021/11 por importe de 101.723,05€.

Vista a base 21ª.2 das B.E.O 2020 prorrogadas ao exercicio 2021, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:

- Os xustificantes de gasto derivados de contratos de servizos e/ou subministro de tracto sucesivo correspondentes ós últimos períodos do exercicio,(derradeiro trimestre), inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, así como de gastos de dietas e locomoción e dietas do persoal municipal, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.
- Os xustificantes de gasto derivados contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.
- Os xustificantes de gasto derivados contratos menores executados dentro de programas municipais que teñan carácter continuo, execución e facturación mensual, para a imputación da mensuralidade de decembro do exercicio anterior ao orzamento corrente.

- Os gastos que cumprindo os requisitos do parágrafo anterior, o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro. Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2021/11, por importe de 101.723,05€, co seguinte desglose:

Nº Registro Factura	Documento	Fecha Doc.	Importe	Aplicación	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2021/673	210000084	08/01/2021	300,00	2021 2314 48100	OUBIÑA FERREIRO, JIMENA	TABLET SAMSUNG GALAXY TAB A7 SM-T5000 WIFI 64GB, CANON LPI MP3/MP4/TABLET. (1º PREMIO II CONCURSO DECORACIÓN SOSTIBLE).
F/2021/700	0214800000621F	31/01/2021	46.132,76	2021 320 22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza de centros educativos Enero de 2021CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Enero de 2
F/2021/701	0214800000721F	31/01/2021	5.486,02	2021 334 22700	CLECE, S.A.	Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Enero de 2021SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONE / Servizo
F/2021/702	0214800000221F	31/01/2021	2.584,10	2021 323 22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Enero de 2021Importe servizo
F/2021/703	0214800000421F	31/01/2021	3.618,12	2021 3321 22700	CLECE, S.A.	BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Enero de 2021ZONAS COMUNES /
F/2021/704	0214800000921F	31/01/2021	285,62	2021 241 22700	CLECE, S.A.	EDIFICIO MATOSINHOS Enero de 2021Importe servizos
F/2021/706	0214800001021F	31/01/2021	442,29	2021 135 22700	CLECE, S.A.	Servizos de limpeza de EDIFICIO E INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Enero de 2021Importe servizo
F/2021/707	0214800001621F	31/01/2021	572,43	2021 453 22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza nas dependenzas de Obras durante Enero de 2021Importe servizo
F/2021/708	0214800001121F	31/01/2021	1.415,10	2021 323 22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Enero de 2021Importe servizo
F/2021/709	0214800001221F	31/01/2021	1.537,37	2021 3261 22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza CONSERVATORIO Enero de 2021Importe servizo
